

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**Tipo Convocatoria:** Extraordinaria**Data:** 10 de abril de 2025**Duración:** Dende as 20:00 até as 20:50 horas.**Lugar:** SALÓN DE PLENOS**Presidida por:** FRANCISCO CALO ABELLEIRA**Secretaria:** CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN			
Núm. identificación	de	Nome e Apelidos	Asiste
8451		ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924		ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970		ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610		ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438		CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272		DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177		DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871		FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650		JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278		JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931		MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600		MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777		MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



Expediente 366/2025. Aprobación do Orzamento Xeral do Concello de Outes correspondente ao exercicio 2025.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Elaborado o orzamento desta entidade para o exercicio 2025, tendo en conta que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que ordenan os artigos 165 a 168 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e concordantes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, propóñolle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Vista a proposta de resolución PR/2025/35 de 1 de abril de 2025, pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas elévase ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o orzamento do Concello de Outes para o exercicio 2025 e as súas bases de execución, cun importe total no estado de ingresos de **6.723.424,95€**, e no estado de gastos de **6.723.424,95 €**, co detalle por capítulos que se relaciona de seguido:

ESTADO DE GASTOS EJERCICIO 2025

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	Gastos de personal	2.902.606,07
2	Gastos corr. bienes y ser	2.787.127,05
3	Gastos financieros	1.000,00
4	Transferencias corrientes	172.654,81
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Inversiones reales	709.158,22
7	Transferencias corrientes	19.727,12
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financieros.	5.000,00
9	Pasivos financieros.	126.151,68
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	6.723.424,95



ESTADO DE INGRESOS EJERCICIO 2025

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	Impuestos directos	1.384.500,00
2	Impuestos indirectos	70.000,00
3	Tasas, Prec.Públicos y ot	953.399,00
4	Transferencias corrientes	3.962.757,62
5	Ingresos patrimoniales	58.863,87
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Enajenación de inversiones	
7	Transferencias de capital	288.894,46
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	Activos financieros	5.000,00
9	Pasivos financieros	
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	6.723.424,95

SEGUNDO. Aprobar o cadro de persoal da Corporación para o ano 2025

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto non financeiro en cumprimento do artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no importe de 6.662.375,98€

CUARTO. Anular as modificacións de crédito seguintes: xeración de crédito 1/2025 (exp.84/2025), xeración de crédito 2/2025 (exp.86/2025), xeración de crédito 3/2025 (exp.268/2025), por estaren incluídas no orzamento que se somete a aprobación.

QUINTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, fixada no importe de 1.171.219,34€

SEXTO. Expoñelo ao público polo prazo de quince días, por medio de anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, consonte ao artigo 169 da Lei reguladora das Facendas Locais (Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo). En caso de que non se presenten reclamacións o orzamento entenderase aprobado definitivamente.

Aberta polo Sr. Alcalde a quenda de intervencións, cede o uso da palabra á Concelleira de Facenda, D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen realiza a seguinte intervención:

“Hoxe traemos a este Pleno a proposta de Orzamento Municipal para o ano 2025, como dixemos en moitas ocasións anteriores, pensamos que este é o documento máis importante dos que se tramitan no Concello, porque é o que serve de base e da cobertura a todas as actuacións que se poden levar a cabo ao longo do ano. Un documento que debería estar en vigor cada comenzo de ano para que as previsións de gastos e ingresos coincidiran con ano natural tal e como se recolle nas distintas normativas ao respecto.

Dada a realidade do estado no que se encontran as contas do Concello, pensamos que este Orzamento é o máis axeitado para poder paliar, da mellor



maneira posible, esta situación económica coa que nos atopamos, situación que pensamos, non é de ningunha maneira a que ven precedida por unha boa xestión.

Non é nada fácil redactar un Orzamento que ten que manterse ata o 31 de decembro, cando nos atopamos, no mes de febreiro, cun orzamento en vigor, prorrogado do ano anterior, no que figuraban partidas que a esa data xa estaban esgotadas, cando non excedidas, e que teñen que imputarse a este novo Orzamento.

Non é fácil cando nos atopamos con facturas de considerable valor, que non estaban respaldadas con ningún contrato, sen autorización de gasto, sen retención de crédito sen nada de nada..... gastos que, por suposto, tamén hai que imputar ao novo orzamento. Non é fácil cando se coñece que a data de finais de febreiro hai retencións de crédito por valor de miles de euros, das que por certo máis de 142.000€ se fixeron entre o 11 e o 25 de febreiro.

Non é fácil cando hai que encaixar no Orzamento que a partida destinada no Orzamento prorrogado a aboar gratificacións a traballadores municipais que fan traballos que van máis alá das súas obrigas, despois de pagar as nóminas de febreiro xa estaba practicamente esgotada. Non é fácil cando hai que encaixar no Orzamento os incrementos que hai que asumir polos sobrecustos de varias obras en diferentes fases de execución, froito da falta de planificación e froito do “todo vale”, por exemplo:

- Rúa Dr. Esperante: no proxecto non estaban contemplados nin ás arbores, nin o pintado da sinalización horizontal, nin farolas para alumeadado público nin os cables que as alimentan.
- Obra de pavimentación dos Muiños: unha obra que tiña un orzamento de aprox. 36.000€ , pois xa nace con outro sobrecusto porque non se contemplaron as tubaxes para recollida de augas pluviais e fecais, polo que deixaron feita unha Memoria por valor de aprox. 20.000€ para recoller estas carencias en materia de execución destas canalizacións, pero “sorpresa sorpresa” nesta memoria non estaba incluído o subministro da propia tubería, o que quere dicir que aos 20.000 dos que falaba antes hai que añadirlle este custe.
- Saneamento de Ousesende, despois de facer un contrato menor para a ampliación do saneamento neste núcleo por valor de 48.000€ , houbo un sobrecusto de aprox. 20.000€ porque co que estaba previsto no contrato menor había veciños que non quedaban atendidos.

Todos estes sobrecustes hai que imputalos ao novo Orzamento, e podería seguir cunha longa exposición de casos similares (praza do concello, as escaleiras de conexión co paseo do río etc.) en fin, estas deben ser as obras “integrais” que reclamaban dende o BNG antes de entrar no goberno, recordan? “Non toleraremos ningunha obra que non teña carácter integral”. Toleralas cando non se forma parte do goberno NON, pero facelas e ser participes desa responsabilidade cando se forma parte del SI.



Aínda así, con todos estes condicionantes, confeccionamos un documento que pretendemos dea resposta ás necesidades do Concello e poida afrontar os gastos que delas se derivan. Estas necesidades valoráronse e dotáronse de maneira global, non se reparteu a dotación por ningunha cuota partidista según ás áreas asignadas.

Este Orzamento ascende a 6.723.424,95 €, un 9,40% máis que o do exercicio anterior.

O Capítulo 1 de Gasto de Persoal e o que supón o maior gasto, aprox. un 43% sobre o total, sendo a segunda partida en importancia a relativa ao Gasto Corrente, que supón un algo máis do 40% do total.

Queremos destacar tamén a dotación do Capítulo 4 de Transferencias Correntes, para poder achegar apoio económico ás entidades sociais, culturais e deportivas, para que poidan afrontar de maneira máis doada os gastos derivados do exercicio da súa actividade.

En canto ao Capítulo 6 de Investimentos Reais, orzamentáronse 709.158,22 €, que se verán incrementados ao longo do ano co incorporación ao Orzamento dos fondos do POS+ Complementario e de outras posibles axudas para este tipo de actuacións provintes de Administracións superiores. Polo que ao longo do exercicio o crédito para investimentos será maior que o actual.

Xa para finalizar, quiséramos agradecer o esforzo e dedicación de todos os traballadores do Concello para sacar adiante a redacción deste documento, tanto os da área de intervención coma os de outras áreas tamén implicadas. "

De seguido, concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal de Compromiso Outes, D. Manuel González López, quen comeza a súa intervención sinalando que "para esta viaxe non precisabamos tantas albardas". Sinala que se presenta un proxecto de Orzamentos que nas grandes cifras é practicamente idéntico ao presentado polo seu equipo de goberno hai case 2 meses, e que a maioría das partidas orzamentaria son un calco das dispostas por eles.

Critica que coa elaboración e preparación dun novo orzamento se perderan case 2 meses, o que significou un importante retraso para adxudicar diversos contratos que quedaran licitados e só pendentes de ter orzamentos, como é o caso do SAF ou da mellora enerxética do centro social. Sobre ese último, pregunta como van facer para xustificar a primeira anualidade da subvención que se conseguiu para esta actuación de 104.000 € antes de que finalice este mes de abril.

Por outra banda, sinala que o proxecto presentado inclúe 30.000 € máis de ingresos por transferencias doutras administración, o que levou ao señor Calo a afirmar onte que: "que se debe al compromiso de recepción de varias subvenciones conseguidas desde que está al frente de la gestión municipal".

Critica que ditas subvencións son, por unha banda unha da consellería de política social e igualdade para contratar a mulleres, que ascende a 22.379 €, e que solicitou o seu goberno o 13 de febreiro e que se resolveu o 7 de marzo, e outra,



para a contratación de axentes de igualdade de xénero por 11.000 € que tamén foi solicitada polo seu goberno, e que foi resolta o 12 de febreiro, cando aínda estaban gobernando.

Pasa a relatar os cambios detectados en partidas específicas, como o incremento da partida de festexos, na que se incrementa, curiosamente, só a partida de “arrendamento de mobiliario e enseres”, pasando de 5.000 € a 14.500 €.

No capítulo de investimentos, que no total se reduce en 63.000 €, chámalle a atención que non se contempla ningunha partida para cofinanciar a adaptación de escolas municipais para vivendas de alugueiro, o cal interpreta como unha renuncia do novo goberno á subvención que se solicitou para adaptar a primeira planta da antiga Escola de Tarás para vivenda de alugueiro.

Pero o que mais chama a súa atención é a drástica redución, pasando de 78.000 € a 29.000 €, dos investimentos destinados a infraestruturas deportivas, concluíndo que o investimento en infraestruturas deportivas para este ano 2025 vai ser inferior ao salario que percibe o concelleiro que ten como única competencia a de deportes.

Remata anunciando que o voto do seu grupo vai a ser negativo, por considerar que non poden apoiar uns orzamentos que lle dan cobertura a unha situación insostible, que é a de manter ao actual concelleiro de deportes no goberno municipal.

Rematada esta intervención, pola Alcaldía concédese o uso da palabra ao Sr. Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen se expresa nos seguintes termos:

“Entre enganos e bochorno mediático vimos de vivir, hai apenas unhas semanas, unha moción de censura neste concello que volveu poñer ao Partido Popular na alcaldía. Entre as principais proclamas que viñan a facer estaba a de carecer de orzamento para o presente ano aínda que xa sabían perfectamente que deixáramos listo para aprobación en pleno o noso orzamento.

Un mes e uns días despois estamos aquí para debatir os orzamentos municipais. Xusto o tempo que vostedes decidiron atrasar a súa aprobación para facer lixeiras modificacións que ben podían ter feito a posteriori pero prefiriron atrasar a aprobación dos mesmos só para manter, dalgún xeito, o relato que montaron ao redor deste tema.

E quero deixalo ben claro, o goberno progresista ao longo do último semestre do 2024 deixou preparados os orzamentos que ían ser aprobados no pleno ordinario de febreiro. Uns orzamentos realistas e con capacidade de acción máis tamén cautelosos e previsores. Cunha mellora notable na capacidade de facer obras directamente dende o concello como xa sabían cando aprobaron o Plan de Obras e Servizos no pleno extraordinario de xaneiro, por certo, sen apostillar apenas nada.

A realidade, coma sempre, é moi teimuda e, mal que lles pese, segue a tirarlles



por completo o argumentario pírrico co que preten xustificar a moción de censura. O noso goberno estaba a tomar as decisións que vostedes non tomaron durante todos os anos que gobernaron para o mantemento de infraestructuras xa existentes e o equilibrio das contas.

Vostedes seguen a insistir en que durante os últimos anos foise gastando o diñeiro dos remanentes, os aforros do Concello, facendo supostamente unha moi mala xestión económica, e sendo un desastre, deixando o concello na bancarrota ou pouco mais. Iso é o que levan mantendo durante todos estos anos, iso sí, propostas, moi poucas.

O que nunca din é que Outes mantivo ese aforro ao longo dos anos por imposición dunha lei estatal feita polo PP por intereses, por certo, moi alleos aos municipais. O concello de Outes acumulou durante case unha década remanentes porque, sinxelamente, non era posible por lei usalos por moita falta que fixeran, e facían.

Sexamos realistas, aforrar sen un obxectivo máis que pagar a débeda doutras administracións nunca foi, nin será, un logro do goberno do PP de Outes no pasado. Foi unha dificultade que tiveron que afrontar. Vostedes claro que lles gustaría ter botado man dos remanentes mentres gobernaron, pero non puideron, boa proba diso é a débeda que asumiron coa deputación da Coruña no 2015 por arredor do medio millón de euros. Como se entende que asumiran unha débeda se tiñan remanentes?

A administración pública, coma calquera entidade, debe facer unha administración seria, eficaz e equilibrada do diñeiro do que dispón e é responsabilidade da política administralo da mellor maneira posible segundo o indicado na lei. Iso non impide que o concello deba asumir e facer os investimentos necesarios para o mantemento e desenvolvemento que precise. Un bo goberno non é o que aforra en exceso habendo infinidade de necesidades da cidadanía que atender nin é o que derrocha. Para nós, un bo goberno local é o que fai un axuste equilibrado das contas municipais mentres responde da mellor e máis eficaz ás necesidades e melloras que precisa o pobo.

Algo tan sinxelo coma iso: observar as necesidades, ver as potencialidades e facer todo o posible para que Outes vaia a máis. Iso é o que ten que facer un bo goberno local.

Outra cuestión repetitiva na que vostedes seguen a insistir é que o período medio de pago a provedores é dos máis grandes da redonda e que non se lle paga en tempo e forma ás empresas que prestan servizos ao concello. E, permítanme que insista, iso é outra esaxeración súa. O período medio de pago é elevado, principalmente, porque existen moitas facturas da electricidade previas ao contrato único actual que, tras unha auditoría técnica, detectouse que contiñan importes excesivamente elevados e de difícil xustificación por parte das eléctricas. Paralizar o pago desas facturas foi unha decisión acertada e que seguimos mantendo. A caso prefiren pagarlle as eléctricas arredor de 150.000€ que non lles corresponden para reducir o que, ao final do día, é só un número como o período medio de pago a provedores? Porque, como saberán, salvo



excepcións contadas, a día de hoxe o concello está a pagar nun período razoable ás empresas que lle prestan servizos.

Nisto temos que insistir pois é algo fundamental en calquera economía: un non pode aceptar unha factura e pagar a cegas se o importe está excesivamente elevado e non se adecúa ao que debera ser. Entendemos que todos estamos dacordo en que canto menos lle paguemos ás eléctricas e máis dispoñamos para outras cuestións, ben sexan servizos sociais, obras ou mantemento de infraestruturas, mellor lle irá ao pobo, non si?

E é que xustamente as obras vinculadas a este orzamento quedan deseñadas ou aprobadas polo noso goberno, obras que nalgúns casos xa remataron, están a rematar ou, na maioría, aínda están por comeza, e que como ben dixo o portavoz de Compromiso Outes, atrasan xustamente coa decisión de aprobar o Orzamento mes e medio despois de chegar ao poder na maneira en que o fixeron.

E quero insistir, como xa dixeran, e como xa falamos tamén no Pleno da moción de censura, estamos falando de mais de dous millóns e medios de euros en investimentos que deixa aprobado o goberno que vostedes quitaron de Outes. Son moitas, vostedes falaban de algunha como a Humanización da R/ Doutor Esperante, eu penso que está ben complementar e ir a mais cando as cousas son mellorables. Falaban da pavimentación en lugares, efectivamente, pois si falta no proxecto o saneamento, está ben ter previsión no Orzamento que deixamos previsto para aprobar, e mellorar esa obra e dotar de saneamento a ese lugar. E evidentemente, o mellor momento para facer esas cuestións é cando se fan os proxectos, pero as veces hai que facer modificacións, e hai que mellorar os proxectos. Porque é o normal, e vostedes sabeno perfectamente porque xa gobernaron este Concello e saben como funcionan as cousas.

Polo tanto, evidentemente o BNG está orgulloso de ter formado parte dun goberno que modificaba os proxectos cando era necesario dotar de saneamento aos nosos lugares. Pois claro que si. Porque deixamos, como dicía, mais de 2 millóns e medio de euros en investimento aprobados, deseñados e listos para facer. E esa é unha realidade que vostedes van a intentar apropiarse. Por certo, na primeira semana que colleu a Alcaldía o Sr. Fran Calo veu a sacar unha foto cunha delegada da Xunta de Galicia a unhas obras que xa estaban acabadas cando vostedes asumiron a Alcaldía. Iso é o que van facer. Eu creo que os veciños han de saber velo perfectamente, e non se preocupen, que nós estaremos para recordar.

En fin, hai efectivamente cuestións de detalle que chaman a atención neste Orzamento, pero en liñas xerais, como viñamos decindo, o traballo xa estaba feito. Hai cousas que chaman a atención, como unha redución chamativa na Área de Deportes, xustamente unha concellaría na que hai un concelleiro que cobra exclusivamente por levar esa Área.

E hai outras reducións que ademais non se entenden cando o que se busca é conseguir, como vostedes saben, fondos doutras Administracións. Falamos, por exemplo, da previsión de Turismo. En Turismo, hai unha partida para investimentos, que xustamente estaba dotada pensando en acollerse, como se



viña acollendo o Concello nos últimos anos, a fondos de outras Administracións, neste caso, da Xunta de Galicia. Nós vemos que hai unha redución moi importante nesa partida e non entendemos como pretenden conseguir o máximo desa subvención reducindo tanto esa partida.

Por resumir, os poucos argumentos que dixeron para xustificar a moción de censura da vergoña van caendo un a un:

- 1. O noso goberno, que obtivo a maioría dos votos veciñais deixou preparadas para a súa aprobación neste pleno os orzamentos deste ano antes de que vostedes entraran a gobernar.*
- 2. O noso goberno estaba a pagar, en tempo e forma, aos pequenos provedores locais, que é o mais importante.*
- 3. Pola contra, vostedes non comezan si quera cumprindo un dos puntos máis sinxelos e importantes que defendían: reducen a transparencia non publicando o seu acordo, atrasan a aprobación dos orzamentos municipais máis tempo do necesario e tamén atrasan o pago de facturas.*

Iso si, as comisións e plenos extraordinarios que foron convocados pola súa moción de censura seguro que saen baratísimos. Nada mais.

Polo Sr. Alcalde concédese a quenda de uso da palabra ó Concelleiro do Grupo Mixto, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen manifesta que non vai facer declaracións, nin “entrar ao trapo”, limitándose a sinalar que el só mira para o mellor para os veciños.

Polo Sr. Alcalde concédese a primeira quenda de réplica a D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen responde ás manifestacións realizadas polos voceiros de Compromiso por Outes e o Bloque Nacionalista Galego.

En primeiro lugar, sinala que os que comezaron perdendo tempo na aprobación dos orzamentos foi responsabilidade de Compromiso por Outes, xa que se perderon dous meses antes de presentar o Orzamento do 2025, a pesar de que dispoñían de tempo suficiente dende abril do ano pasado para realizalo.

No que se refire ás subvencións, aclara que a xustificación da subvención do centro social remata a finais de maio e non a finais de abril, como se indica, e critica a perda superior a 300.000 euros en subvencións desde que entrou o goberno de Compromiso Outes no 2019.

En relación ao contrato do SAF, explica que o novo contrato, que leva sen renovarse desde decembro de 2019, requiriu un aumentar esa partida en 27.000 euros, xa que os recursos inicialmente lotados non resultan suficientes para facer fronte aos gastos que supõe a entrada en vigor do novo contrato.

Respecto ás declaracións na prensa sobre subvencións, aclarou que se tratou dun erro de transcripción, xa que o que se dixo foi que as subvencións estaban



concedidas, non conseguidas, no momento da confección dos orzamentos. O que é certo e que ditas subvencións estaban concedidas no momento de confección deste Orzamento, e por iso se imputaron.

No tocante á redución da partida da vivenda social, sinala que se recibiu unha comunicación na que se informaba que a proposta presentada polo Concello non obtivo a puntuación necesaria para optar á subvención, e que por iso se optou por eliminar dita partida no Orzamento.

No ámbito do investimento en deportes, defende que as partidas deben distribuírse de forma global atendendo ás necesidades xerais, en lugar de aplicarse por cotas específicas, e argumenta que os investimentos en deportes poden complementarse coas aportacións doutras administracións.

En canto á débeda coa Deputación, destaca que se trata dun préstamo sen xuros, cun período de carencia de dous anos e prazo de amortización de dez anos. A continuación, cuestiona a crítica que se fai sobre este préstamo, defendendo que, grazas a el, fixéronse diversas actuacións relevantes – entre elas, cambios integrais no alumeado público– e que non se debe comparar este tipo de financiamento cunha débeda con entidade financeira. Na súa opinión, non existe razón para considerar este préstamo baixo unha óptica negativa, dadas as súas vantaxes e os beneficios obtidos.

Continúa sinalando que, se ben hai aprobados 2,5 millóns de euros en obras que figuran nunha extensa lista, moitos desos proxectos deberían constar como finalizados, e non como en curso de execución.

Finalmente, critica a falta de celeridade na execución de obras, mencionando casos nos que os proxectos non inclúen elementos fundamentais, como tubos de saneamento e pluviais, e subliña a necesidade de revisar e mellorar os proxectos para garantir a súa viabilidade e eficacia.

De seguido, concédese o uso da palabra novamente a D. Manuel González López, quen responde ás manifestacións da Sra. Molinos, sinalando, respecto ás modificacións en contratos de obras, que non sería a primeira vez que se realizan axustes deste tipo. Salienta que, frecuentemente, cómpre atender demandas adicionais dos veciños que non estaban contempladas inicialmente debido a limitacións do orzamento ou por outras razóns.

Refírese en concreto ás obras de Humanización da R/ Doutor Esperante, que se corresponden a un proxecto que estaba elaborado polo goberno do Partido Popular, e que o seu goberno limitouse a actualizar o custe do proxecto.

Indica, ademais, que todos os proxectos aos que se refire a Concelleira de Facenda foran aprobados no pleno cos votos a favor da oposición no momento de aprobación do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña. Neste sentido, expresou que, se a oposición consideraba que os proxectos necesitaban revisións máis exhaustivas, poderían ter asumido un papel máis dilixente ao respecto.

No tocante á vivenda social, mostra a súa sorpresa ante a información de que a



subvención non ía ser recibida, e pregúntase se a comunicación sobre esta cuestión responde a unha resolución firme, ou se simplemente se adiantou esta información. Chámalle a atención que dispoñan de esta información cando non hai unha resolución firme.

Congratúlase de que polo novo goberno municipal se recoñeza que CO e BNG tiñan o seu orzamento presentado, e que, efectivamente, ambos documentos son moi semellantes. Reitera que o motivo polo que se vai a votar en contra é porque este orzamento ampara unha situación que é insostible, que é que un concelleiro tráfuga siga no goberno, tal e como se sinala no Informe da Secretaria. Un orzamento que da amparo a dita cuestión, non merece o seu apoio.

De seguido, fai uso da súa quenda de réplica D. Anxo Núñez Fernández, para indicar que en ningún momento dixo que estivera mal que o goberno do Partido Popular se acollera a un préstamo da Deputación, cando o seu propio partido non lles deixaba utilizar os remanentes. O problema é que o seu goberno, durante moitísimos anos, non fixo nada. A cuestión é facer cousas o mellor posible, aínda que posteriormente deban ser melloradas.

Explica seguidamente, en relación á débeda coa Deputación, que, aínda que se trataba dun préstamo e non dunha débeda financeira tradicional, este implicaba unha obrigación económica de máis de 20 millóns de euros. Aclarou que a Deputación non regala fondos, senón que asigna cantidades anuais a través do Plan Único, que poden ser destinadas a cubrir débedas ou outros fins. Insistiu en que, se se contrae unha débeda, esta debe ser pagada, e que a situación actual non pode ser considerada unha subvención.

Sobre a execución das obras, destacou que, aínda que sería ideal completalas de inmediato, existen procesos administrativos e burocráticos que son inevitables, como o deseño, a asignación de fondos, a aprobación do expediente, a licitación e a execución. Indicou que o goberno local axilizou estes procesos e reduciu os tempos entre o deseño e a execución das obras, co obxectivo de mellorar a eficiencia e a celeridade dos investimentos.

Fai referencia tamén a outras obras xa finalizadas polo goberno do Partido Popular, como as da Casa do Concello, que se inunda frecuentemente, ou que non está correctamente climatizada. Expresa que prefire realizar modificacións que sumen valor e eviten a necesidade de novas intervencións no futuro.

Conclúe a súa intervención afirmando, novamente, o seu voto en contra ó orzamento afirmando que non se pode apoiar unha situación que considera insostible.

O Concelleiro D. José Antonio Caamaño Lestón fai uso da palabra para expresar a súa sorpresa ante a postura do señor González e do grupo Compromiso Outes, que decidiron non apoiar os orzamentos debido, segundo eles, á situación insostible dunha persoa no goberno. Sinala que parece que para eles prima máis o valñor dunha única persoa que o interese xeral do Concello, e subliña que, a



día de hoxe, a súa situación no goberno é totalmente legal.

Finalmente, intervén D^a María Beatriz Molinos Vidal para realizar unha aclaración dirixida ao señor Núñez en relación ao préstamo da Deputación. Explica que non se trata de que o importe que se consigna agora no plan adicional se deduza do que lle corresponde ao Concello agora, senón que esas obras xa foran realizadas hai 8 ou 9 anos, aproximadamente. Non é que se reste do que nos vai a dar agora, e que ese importe xa se lle deu antes ó Concello.

Finalizadas as intervencións dos membros da Corporación, polo Sr. Alcalde sométese a proposta a votación, resultando APROBADA por 7 votos a favor (PP e Grupo Mixto), 6 en contra (CO e BNG) e 0 abstencións.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:50 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

